

O 2 de maio de 1808 en Madrid ou "A carga dos mamelucos" Francisco de Goya e Lucientes 1814. Óleo sobre lenzo, 268,5 x 347,5 cm. Museo do Prado



Correspóndese coa terceira etapa do pintor, onde predomina un estilo achegado ao Romanticismo. Goya expuxo dous temas, a modo de díptico, que se complementan visualmente e teñen un significado conxunto: o violento ataque do pobo de Madrid ás tropas de Murat na mañá do 2 de maio e a consecvente represalia do exército francés nos fusilamentos da Moncloa.

Para a representación dos feitos da mañá do 2 de maio, Goya decantouse polo combate contra a cabalería francesa, representando

principalmente aos máis aguerridos e famosos de todos, os mamelucos da Garda Imperial, tropas de elite. Entre os asaltantes españois, a diversidade de tipos, con vestimentas de varias rexións, expresan a variedade do pobo que se alzou contra os franceses.

Goya situou a loita contra os franceses nun lugar presidido efectivamente polo Palacio Real como símbolo da Coroa, cuxa defensa moveu naquel día aos rebeldes, o que persistiu como un ideal de retorno do rei "Desexado" durante toda a guerra.

Goya quixo representar aquí un episodio de ira popular: o ataque do pobo madrileño, mal armado, contra a máis poderosa máquina militar do momento, o exército francés. No centro da composición, un mameluco, mercenario exipcio baixo ordes francesas, cae morto do cabalo mentres un madrileño continúa apuñalándolle e outro fere mortalmente ao cabalo, recolléndose así a destrución a diario, o ilóxico da guerra. Ao fondo, as figuras dos madrileños, cos ollos desorbitados pola rabia, a ira e a indignación acoitelan coas súas armas brancas a xinetas e cabalos mentres os franceses rexeitan o ataque e tentan fuxir.

Sobre un fondo de perspectiva afastada hai unha acumulación de figuras en primeiro plano, en trepidante movemento, con escorzos violentos. Máis que exaltar o heroísmo, Goya interésase por plasmar o dramatismo e o patetismo humano.

É significativo o valor expresivo dos seus rostros e dos cabalos, cuxo desexo de abandonar o lugar ponse tan de manifesto como o medo dos seus ollos. En suma, Goya recolle cos seus pinceis como puido ser o episodio que acendeu a guerra con toda a súa violencia e a súa crueldade para manifestar a súa posición contraria a eses feitos e dar unha lección contra a irracionalidade do ser humano, como correspondía ao seu espírito ilustrado. A execución é totalmente violenta, con rápidas pinceladas e grandes manchas, coma se a propia violencia da acción invadise ao pintor. O colorido

é vibrante e permite liberdades como a cabeza dun cabalo pintada de verde por efecto da sombra. Pero o máis destacable do cadro é o movemento e a expresividade das figuras, que conseguen un conxunto impactante para o espectador.

Contra o que pode parecer lóxico, tanto o Dous de Maio como O Tres de Maio, non se pintaron ao iniciarse a contenda, senón ao finalizar esta en 1814. Goya diríxese ao Consello de Rexencia, solicitando axuda económica para pintar as fazañas do pobo español, o gran protagonista da contenda, na súa loita contra Napoleón.

A Guerra da Independencia supón para Goya, igual que para miles de españois, un aterrador dilema; a súa filosofía ilustrada, favorable á reforma de España e contraria ao mal goberno de Carlos IV e Godoy, fanlle aliñarse, formando parte dos afrancesados, co rei Xosé I; pero o seu elevado patriotismo e a súa razón non entenden o masacre que se está producindo no país. Ten, pois, o corazón dividido e estes seis anos de conflito armado van provocar un importante cambio na súa pintura, que se fai a partir de entón máis solta, máis violenta, máis negra en definitiva.